

**ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 19.04.2018, 2018-E-RPLN-10).**

PLENO 24 ABRIL 2018. ACTA 06/2018

1) ***Sobre a gravación e emisión dos plenos municipais.*** *Facilitar a difusión da vida política e o que son as sesións plenarias é fundamental para o achegamento da veciñanza á gobernanza da administración local e así ter fundamentos e criterios de cara á fiscalización social dos políticos que cada 4 anos son elixidos polo pobo. Tamén é fundamental para coñecer as iniciativas que son expostas polos diferentes grupos municipais e para difundir o debate e argumentario expresado en base a estas propostas.*

*En numerosos concellos teñen instaladas no salón de plenos cámaras automáticas que permiten gravar as sesións, emitilas en directo polas redes sociais do Concello e mesmo gravación para acta dixital . Diversos concellos xa o teñen implantado como é o caso de Arteixo ou Pontareas.*

*No caso do edificio do Multiusos da Xunqueira o sistema ademais tería un segundo aspecto positivo; poderíase emitir en directo ou en diferido eventos ou actos de diversa índole que se programen no seu auditorio.*

***ROGAMOS que o goberno local estude a viabilidade e destine unha partida económica para a instalación dun sistema de gravación automática e emisión en directo dos plenos no Multiusos da Xunqueira.***

*Resposta. Alcalde: estamos de acordo. Dende que estamos nós tratamos de que os plenos se fixese gravación. No goberno anterior recordo que se prohibían. Podemos chegar a un acordo. Trátase de conectar a administración co cidadán, podemos financiarlo con parte do 2020 EDUSI.*